

“ INSTRUCCIÓN PARA SUBIR UNHA ESCALEIRA ”

Ninguén terá deixado de observar que a **miúdo** o chan se **prega** de xeito tal que unha parte sobe en **ángulo** recto co plano, para dar paso a unha nova perpendicular, **conduta** que se repite en espiral ou en liña **crebada** ata alturas sumamente variables. **Agachándose** e poñendo a man esquerda nunha das partes verticais, e a dereita na horizontal correspondente, estase en **posesión momentánea** dun **chanzo** ou **banzo**. Cada un destes chanzos, formado como se ve por dous elementos, **sitúase** un tanto **máis** arriba e adiante que o anterior, principio que **dá** sentido **á** escaleira, xa que calquera outra **combinación producirá** formas quizais **máis** fermosas ou pintorescas, pero incapaces de trasladar dunha planta baixa a un primeiro andar. As escaleiras **sóbense** de fronte, pois cara a **atrás** ou de costado resultan particularmente **incómodas**. A actitude natural consiste en manterse de **pé**, os brazos colgando sen esforzo, a cabeza erguida **aínda** que non tanto que os ollos deixen de ver os chanzos inmediatamente superiores ao que se pisa e respirando lenta e regularmente. Para subir unha escaleira **comézase** por levantar esa parte do corpo situada **á** dereita abaixo, envolta case sempre en coiro ou gamuza, e que bardante **excepción** colle exactamente no banzo. Posta no primeiro chanzo a dita parte, que para abreviar chamaremos **pé**, **recóllese** a parte equivalente da esquerda (**tamén** chamada **pé**, pero que non se ha confundir co **pé** antes citado), e **levándoa á** altura do **pé**, faise que siga ata colocala no segundo chanzo, co cal neste **descansará** o **pé** e no primeiro **descansará** o **pé**. (Os primeiros chanzos son sempre os **máis difíciles**, ata adquirir a **coordinación** necesaria. A coincidencia de nome entre o **pé** e o **pé** fai **difícil** a **explicación**. **Cóidese** especialmente de non levantar ao mesmo tempo o **pé** e o **pé**). Chegado deste xeito ao segundo chanzo, abonda repetir alternadamente os movementos ata atoparse co final da escaleira. **Sáese** dela **facilmente**, cun lixeiro golpe de **calcañar** que a fixa no seu sitio, do que non se **moverá** ata o momento do descenso.

JULIO CORTÁZAR: Historias de cronopios e famas.

1. Acentúa o texto. **Corrección.**